

Taxón	Hábitat	Descrición
<p><i>Amanita gemmata</i> (Fr.) Bertill.</p> 	<p>No CEIP A Xunqueira, preto do <i>Chamaecyparis lawsoniana</i>.</p>	<p>Basidiocarpos de ± 15 cms, aparecen en pequenos grupos. Sombreiro de ata 10 cms, ao principio convexo, despois aplanado, superficie lisa, mate de cor amarela. Ás veces presenta restos de veo en forma de escamas esbrancuxadas moi dispersas. Láminas brancas libres, esporada branca. Pé case cilíndrico, branco ou amarelo, provisto dun anel branco e fugaz; base rematada nun bulbo. Volva membranosa e branca. Fungo micorrícico. Tóxico.</p>
<p><i>Amanita muscaria</i> (L.) Lam. Brincabois</p> 	<p>Ao lado do <i>Cedrus deodara</i> que está nun lateral de CCSS.</p>	<p>Basidiocarpo de 10-20 cms, aparecen en grupos. Sombreiros ao principio globosos, despois convexos e, finalmente, planos; 5-15 cm díam. De cor vermella intensa, que vira a laranxa coa idade e cuberto por escamas brancas procedentes do veo. Marxe estríada na madurez. Láminas, brancas libres e apertadas, esporada branca. Pé branco, cilíndrico, a base é claviforme, rodeada dunha volva fugaz cun anel amplo e membranoso. Fungo saprófito. Tóxico.</p>

Texto adaptado, procedente de Asturnatura, da Asociación Micolóxica Fungipedia e do libro Marcote, J.M.C.; Pose, M. & Traba, J.M. 2008. Cogomelos de Galicia. Ed Xunta de Galicia.

Ilustracións: Enrique Rubio Dominguez. Centro de Estudios Micológicos Asturianos.

Humberto Vidal Fariña. Asturnatura.